



DOCUMENTACIÓN

1º TRIMESTRE

SAN LORENZO



ESTE DOCUMENTO PERMITE FACER UN BREVE REPASO DAS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS DURANTE O TRIMESTRE.

ESTE TRIMESTRE COMEZOU CUN POUCO DE INCERTIDUMBRE POLO TEMA DO CORONAVIRUS, PERO POUCO A POUCO FUMOS ADAPTÁNDONOS O RITMO DIARIO DA AULA COMO EN CURSOS ANTERIORES, INTERIORIZANDO UNHA SERIE DE NORMAS NOVAS QUE TÍÑAMOS QUE SEGUIR PARA PODER COIDARNOS TODOS FRONTE A ESTE VIRUS.

O PRIMEIRO TRIMESTRE EMPEZA COA CHEGADA DO ALUMNADO DESPOIS DUNHA LARGA E DURA CUARENTENA, VOLVEMOS A VER OS COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIRAS QUE TANTO BOTÁBAMOS DE MENOS, COÑECEMOS OS NOVOS COMPAÑEIRAS/AS DESTE CURSO, VOLVEMOS A ENCONTRARNOS COS MESTRES E MESTRAS...

O TRIMESTRE TRANSCORREU DENTRO DESTA "NOVA NORMALIDADE" CON EXPERIENCIAS NOVAS, PROPOSTAS, TALLERES, PEQUENAS SAÍDAS A CONTORNA PRÓXIMA, INSTALACIÓNS DE XOGO E TRABALLANDO ASPECTOS MÁIS CONCRETOS GRAZAS O CONTO DE COCORICO E A MOSCA CHOSCA, O CAMBIO NO CONTORNO COA CHEGADA DO OUTONO, A CELEBRACIÓN DO SAMAÍN DE DO MASGOSTO, DÍAS ESPECIAIS E COMO NON A CELEBRACIÓN DO NADAL, SENDO UN MOMENTO MARCADO POLA MAXIA E ILUSIÓN DOS CATIVOS.

AS RUTINAS DIARIAS

A ENTRADA CADA DÍA NA ESCOLA É UN MOMENTO MOI ESPECIAL ONDE COMPARTIR PEQUENOS DETALLES COMO DURMIMOS ESA NOITE, SE ALMOZAMOS BEN, QUE FIXEMOS O DÍA ANTERIOR, SON MOMENTOS PARA DAR A OPORTUNIDADE DE PODER EXPRESAR COMO NOS SENTIMOS, TRABALLAR AS EMOCIÓNS, RESPETAR O TURNO DE PALABRA E ESCOITA, FAVORECER A LINGUAXE ORAL....

ESTE ANO, TEMOS QUE GUARDAR UN POUCO MÁIS AS DISTANCIAS E NESTE MOMENTO DA ASAMBLEA, UNS ESTAMOS SENTADOS NA ALFOMBRA E OUTROS NAS SILLAS. E DESINFECTAMOS BEN AS MANS, TANTO LAVANDO AS MANS COMO EMPREGANDO UN POUCO DE XEL.



NESTE TEMPO DEIXAMOS AS BOLSAS DA MERENDA NO SEU SITIO, QUITAMOS A MÁSCARA FACIAL E A COLOCAMOS DENTRO DA BOLSA. SACAMOS E COLGAMOS O ABRIGO, PARA QUE A CONTINUACIÓN, LAVEMOS AS MANS E XA COMEZAR COAS PROPOSTAS DE TRABALLO.

CON ESTE PROCESO DE RUTINA, OS CATIVOS VAN ADQUIRINDO AUTONOMÍA, DESTREZA MOTRIZ E HÁBITOS DE HIXIENE E SAÚDE.

COA OPORTUNIDADE DE PODER IR FACENDO POS SÍ SÓS E IR AFIANZANDO AS NOSAS POSIBILIDADES DE ACCIÓN.

OUTRO MOMENTO MOI IMPORTANTE, É O MOMENTO DA MERENDA, ONDE TRABALLAMOS HÁBITOS PARA UNHA ALIMENTACIÓN SAUDABLE, COMO TEMOS QUE ESTAR SENTADOS, LIMPEZA DA MESA E DOS ÚTILES QUE USAMOS.



SEMPRE QUE O TEMPO O PERMITE, APROVEITAMOS E MERENDAMOS NO EXTERIOR.



OUTROS DOS MOMENTOS XENIAIS DO NOSO DÍA A DÍA, E O XOGO NO PATIO. ESTE ESPAZO, PERMÍTENOOS: INTERACCIONAR COS NOSOS COMPAÑEIROS/AS, EXPREMINETAR, SALTAR, TROTAR, MANCHARNOS (COUSA QUE NOS ENCANTA), MESTURAR AREA, BUSCAR BICHIÑOS, FACER BURATOS, BARRER, RECOLECTAR FOLLAS, PAOS E UN SINFÍN DE EXPERIECIAS.



ADEMÁIS, COA NOSA SUPER EQUIPACIÓN DE BOTAS E IMPERMEABLES PODEMOS DESFRUTAR DOS DÍAS NOS QUE CHOVE FORA. CADA DÍA, SOMOS MÁIS AUTÓNOMOS, POÑENDO E QUITANDO BOTAS, IMPERMEABLES, CALZÁNDONOS...



ESTE ANO, TAMÉN TIVEMOS A INCORPORACIÓN DUNHA NOVA CASIÑA, E DA ZONA DE AUGA CON RODAS.




AO LONGO DA SEMANA, TEMOS UNHA SERIE DE ENCARGADOS, OS CALES SON OS RESPONSABLES DE DIFERENTES TAREFAS, ASAMBLEA, COIDADADO DAS PLANTAS, LIMPEZA E REPARTO DE PRATOS....

ASÍ, COA ASAMBLEA VEMOS QUEN ESTÁ NO COLE E LLE DAMOS OS "BOS DÍAS", CONTAMOS CANTOS SOMOS, CO CALENDARIO WALDORF VEMOS NA ESTACIÓN NA QUE ESTAMOS, MES, O DÍA DA SEMANA, ONDE SOMOS CONSCIENTES DO PASO DO TEMPO

CO CALENDARIO LINEAL MENSUAL TACHAMOS O NÚMERO CORRESPONDENTE AO DÍA NA QUE NOS ATOPAMOS. E FINALMENTE REALIZAMOS O REXISTRO DO TEMPO, METENDO UNHA PEDRIÑA NO BOTE CORRESPONDENTE. AO FINALIZAR O MES, FACEMOS RECONTO DE CANTOS DÍAS CHOVEU, FIXO SOL, NUBES OU ESTIVO NUBLADO CON SOL.

NESTE MOMENTO SEMPRE DASE A OPORTUNIDADE DE PODER FALAR E CONVERSAR SOBRE O QUE LLES APETEZCA OU SINTAN.



LIBROS QUE VAN E VEÑEN, UNHA VEZ POR SEMANA, OS NENOS E NENAS LEVAN UN CONTO PARA CASA, NA BOLSINIÑA QUE CADA ANO PROPORCIONA A ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES. DESTE XEITO PROMOVEMOS A PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS, E QUE NA CASA SE LLES LEA, POLO MENOS, UN CONTO Á SEMANA.

AGORA COA CHEGADA DO OURIZO NATURIZO, CADA SEMANA, UN CATIVO LEVARÁ NESTA MOCHILA O NOSO NOVO AMIGUIÑO, FIEL AMIGO DE RABUÑOSO E RABUÑOSÍN.

ASÍ, O PRIMEIRO DÍA QUE O COÑECEMOS, FÍXEMOSLLE UNS FABULOSOS DEBUXOS E DEIXÁMOSLLE COMIDA PARA QUE PASARA BOA NOITE NO COLE.




MOCHILA VIAXEIRA CADA NENO/A LEVA A CASA, DURANTE UNHA SEMANA, A MOCHILA VIAXEIRA, ESTE TERÁ QUE GARDAR A CORENTENA CORRESPONDENTE ANTES DE LEVALA O SEGUINTE NENO/A. CONTÉN LIBROS DE DIFERENTES SECCIÓNS, MÚSICA, VÍDEO ... E UN CADERNO ONDE OS CATIVOS/AS E AS FAMILIAS NOS CONTAN COMO FOI A EXPERIENCIA COA MOCHILA, OU ÁS VECES, OUTRAS COUSAS MOI INTERESANTES. DENTRO DESTA MOCHILA ESTÁN A LEVAR A RABUÑOSÍN.

ENCÁNTALLES SACARSE FOTOS CON ELES E PEGALAS NO CADERNO OU FACERLLES UN DEBUXO. ADEMÁIS, A NOSA COMPAÑEIRA DANIELA, FÍXONOS UNHA RÉPLICA DE RABUÑOSÍN PARA QUEDAR AULA.

NESTE TRIMESTRE, LEVARON A RABUÑOSÍN DANIELA. LABIT E VALLE.





CHEGA UN DOS DÍAS MÁIS ESPECIAL PARA OS NÓSOS PEQUES, O DÍA DO SEU ANIVERSARIO. O PASADO CURSO COMEZAMOS A CELEBRALO Ó ESTILO MONTESSORI, É DICIR, A **CELEBRACIÓN DA VIDA**. CONSISTE NUNHA ACTIVIDADE MOI ESPECIAL, Ó MESMO TEMPO É UNHA APRENDIZAXE DIDÁCTICA, CO OBXECTIVO DE AXUDAR ÓS NENOS E NENAS A VER COMO CRECERON E COMO FORON CAMBIANDO DENDE QUE NACERON. ESTA CEREMONIA TAN ESPECIAL, FAI QUE O NENO/A QUE ESTÉ DE ANIVERSARIO SEXA O PROTAGONISTA.

PARA PODER FACERMOS A CELEBRACIÓN DE VIDA, PEDIMOS UNS DÍAS ANTES, Á FAMILIA FOTOS DO NENO OU NENA. UNHA FOTO DE RECÉN E OUTRA POR CADA ANO DE VIDA. PRECISAMOS UN SOL SIMBÓLICO, OS MESES QUE REPRESENTAN O PASO DO TEMPO E UN GLOBO TERRÁQUEO QUE FAREMOS XIRAR Ó REDOR DO SOL E CO QUE IREMOS CONTANDO OS ANOS QUE FORON PASANDO.

NESTRE TRIMESTRE CELEBRAMOS OS CUMPLES DE CARLA, ROMÁN E VALLE.



MÓVETE MÁIS

DENTRO DOS *PROGRAMAS DE ÉXITO EDUCATIVO* PROMOVIDOS POLA CONSELLERÍA, TEMOS O DE *PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA EN HORARIO LECTIVO*. ESTE PROGRAMA QUERE CUBRIR A NECESIDADE DE MOVEMENTO QUE TEÑEN OS NENOS E NENAS DE TÓDALAS IDADES E MOITO MÁIS OS DA NOSA ETAPA. INTRODUCIMOS ACTIVIDADES ESTRUTURADAS E SIGNIFICATIVAS DE MOVEMENTO CO FIN DE FAVORECER O DESENVOLVEMENTO DO NOSO ALUMNADO Ó TEMPO QUE SE ACTÚA NA PREVENCIÓN DE POSIBLES TRASTORNOS NA EVOLUCIÓN DO NENO/A. O NOSO OBXECTIVO É AXUDAR Ó DESENVOLVEMENTO PSICOMOTOR DOS NÓSOS CATIVOS E CATIVAS.

UN DESTES MOVEMENTOS REALÍZANSE A TRAVÉS DE **CANCIÓNS MOTORAS** (CANCIÓNS DOS DÍAS DA SEMANA) COAS LETRAS E COREOGRAFÍAS CREADAS NO PROPIO CRA, ONDE APARECE EN CADA DÍA DA SEMANA UNHA SERIE DE MOVEMENTOS RÍTMICOS ESCOLLIDOS PARA PODER REALIZAR EXERCICIO FÍSICO E DE CORTE NEUROMOTOR A DIARIO NAS AULAS, ASÍ COMO RIMAS CON MOVEMENTO.

CON ESTE MESMO
OBJECTIVO CREAMOS AS
BOLSAS VIAXEIRAS CON
MATERIAL PSICOMOTOR.
CADA MES A AULA RECIBE
UN SACO CON MATERIAIS
DIFERENTES PARA A
PSICOMOTRICIDADE.



NON PODEMOS ESQUECERNOS DA TAN IMPORTANTE
RELAXACIÓN. PARA ESTA VOLTA Á CALMA TRAS O RECREO,
ACTIVIDADES MOTORAS OU CANDO O GRUPO ESTÁ MOI ACTIVO,
REALIZAMOS EXERCICIOS DE BRAIN GYM OU RIMAS CON
MOVEMENTO DE TAMARA CHUVAROUSKY, PENSADAS PARA
CENTRAR E CALMAR Ó NENO OU NENA.



COCORICO E A MOSCA CHOSCA

ESTE CURSO DEU COMEZO APOIÁNDONOS NUN RECURSO LITERARIO QUE LLE ENCANTA AOS CATIVOS. O
NOSO BEN MÁIS PRECIADO, O CONTO.

CONCRETAMENTE CENTRÁMONOS EN DOUS CONTOS QUE NOS SUXERIU RABUÑOSO E QUE SEMPRE SON UN
ACERTO: **A MOSCA CHOSCA** E **COCORICO**. A TRAVÉS DELES TRABALLAMOS DIFERENTES ÁMBITOS DO
DESENVOLVEMENTO DO ALUMNADO.

LINGÜÍSTICO, FACENDO XOGOS DE
EXPRESIÓN E INHIBICIÓN
LINGÜÍSTICA, COMO O XOGO DE
ADIVIÑA QUEN SON?, ONDE OS
NENOS/AS TEÑENE QUE ADIVIÑAR A
TRAVÉS DAS PREGUNTAS E
RESPOSTAS, O PERSONAXE QUE TEN
POSTO NA CABEZA, DESPRAZARNOS
POLA AULA E CANDO DIGAN O NOME
DUN PERSONAXE COLOCARNOS ONDE
ESTE A SÚA FOTO NA AULA,
COMPOÑER O NOME DOS DIFERENTES
PERSONAXES CON LETRAS MÓBILES.





VALORES E EMOCIÓNS, XOGANDO A IDENTIFICAR EMOCIÓNS COMA A ALEGRÍA, MEDO, ENFADO NOS PERSONAXES DO CONTO E EN SITUACIÓNS QUE PODERAMOS TER VIVIDO NÓS MESMOS, ANALIZANDO ADRMÁIS AS CARACTERÍSTICAS FACIAIS E XESTUAIS QUE A ACOMPAÑAN...

LÓXICA, CLASIFICANDO OS ELEMENTOS QUE SOEMOS UTILIZAR NAS COMIDAS, COMO NO CONTO DA MOSCA CHOSCA, CULLERES, PRATOS, VASOS...FACENDO A CORRESPONDENCIA UN A UN POÑENDO A MESA PARA PEQUENOS GRUPOS DE COMPAÑEIROS/AS.

ORDEANDO OS COMPAÑEIROS QUE TEÑEN ASIGNADO UN PESONAXE, SEGUINDO A SENCUENCIA TEMPORAL



SENSORIAL, VIVENCIANDO EXPERIENCIAS ASOCIADAS AOS DISTINTOS SENTIDOS, COMO POR EXEMPLO COA VISTA, PRESENTANDO FOTOS DE COCORICO CON DIFERENTES VESTIDOS, FACENDO DESCRIPCIÓNS DAS MESMAS, DIFERENCIAS, SIMILITUDES...

TACTO, TOCAMOS AS DIFERENTES TEXTURAS DAS VESTIMENTAS, DESCRIBIENDO AS SENSACIÓNS ASOCIADAS A CADA UNHA. TRATAMOS DE ATOPAR ALGUNHA CONCRETA COS OLLOS TAPADOS, AMASAMOS ALGUNS DOS INGREDIENTES QUE USOU COCORICO PARA FACER UNHA PLASTI CASERA

GUSTO, PROBANDO OS INGREDIENTES DO BISCOITO DE FORMA INDIVIDUAL

E POR ÚLTIMO CO **OÍDO**, XOGANDO A ADIVIÑAR A QUE ACCIÓN OU PERSONAXE PERTENCEN DETERMINADOS SONS...





O OUTONO

COMO CADA ANO, A CHEGADA DO OUTONO SUPÓN VIVIR O PRIMEIRO CAMBIO DE ESTACIÓN, QUE SE PODE OBSERVAR NA CONTORNA PRÓXIMA E NOS SEUS ELEMENTOS, UNS ELEMENTOS IDEAIS PARA REALIZAR UNHA CHEA DE XOGOS E EXPERIENCIAS, TANTO A NIVEL DE OBRADOIROS COMO DIFERENTES PROPOSTAS Á REALIZAR NO DÍA A DÍA DA AULA.

GRAZAS A TODOS ESTES ELEMENTOS EXPERIMENTAMOS INTRODUCÍNDONOS NO MUNDO DA **LÓXICA MATEMÁTICA**, FACENDO CLASIFICACIÓNS, SERIACIÓNS, CUANTIFICACIÓNS, CONTEO (TIRAMOS O DADO E POÑEMOS A CANTIDADE DE MILLO CO USO DA PINZA, NOS DIFERENTES OCOS, NÚMEROS, GRAFÍAS CORRESPONDENTES




FACEMOS MANDALAS COS DIFERENTES ELEMENTOS OTOÑAIS (TRABALLANDO A ATENCIÓN, A CONCENTRACIÓN, A SIMETRÍA...) FACENDO MANDALAS TANTO A NIVEL INDIVIDUAL (COMPOÑENDO, SACANDO FOTO, BUSCANDO UN TÍTULO)

A NIVEL GRUPAL, FACEMOS UNHA MANDALA CONXUNXA E FINALMENTE CONCLUÍMOS CUNHA REPRESENTACIÓN GRÁFICA DESTA ACTIVIDADE.




TENDO EN CONTA A NOSA ZONA DE CREACIÓN, REALIZAMOS A NOSA ESCULTURA DO OUTONO (CON BARRO E ELEMENTOS DO OUTONO) PINTAMOS UNHA PAISAXE OTOÑAL EMPREGANDO DE UTENSILIO O PAPEL ALBAL, REALIZAMOS BODEGÓNS COA SÚA CORRESPONDETE REPRESENTACIÓN.

EXPERIMENTAMOS NA NOSA MESA DE TRASVASES, DEBULLANDO O MILLO, CON BOLIÑAS DE XEL, ONDE ESTAREMOS TRABALLANDO UN ASPECTO PREVIO COMO É A MOTRICIDADE FINA SENDO UN ASPECTO SUPER IMPORTANTE NESTA ETAPA.



REALIZAMOS UN EXPERIMENTO SOBRE A CROMATOLOXÍA DAS FOLLAS DO OUTONO, DESTA MANEIRA INVESTIGAMOS POR QUE CAMBIAN AS FOLLAS DE COR NO OUTONO.

CON ESTE SENCILLO EXPERIMENTO SEPARAREMOS OS PIGMENTOS QUE TEÑEN AS FOLLAS. ASÍ DESCUBRIMOS QUE UNHA FOLLA VERMELLA, PASOU ANTES POLAS CORES MARRÓNS, VERDES, AMARELAS ...A MARRÓN PASOU POLAS CORES VERDES, AMARELO...



ALGUNHAS OUTRAS PROPOSTAS MÁIS XERAIS QUE FIXEMOS SON AS SEGUINTE: USO DA RULETA, CORRESPONDENCIA DE FOTOS COA SÚA SOMBA, RELACIONAR PALABRAS, FOTOS COS DIFERENTES ELEMENTOS REAIS DO OUTONO.



O SAMAÍN E O MAGOSTO

ESTE ANO COMO OUTROS ANOS CELEBRAMOS O SAMAÍN E O MAGOSTO, PERO TIVEMOS QUE CELEBRALO DE MANEIRA DIFERENTE A ANOS ANTERIORES, XA QUE NOS XUNTÁBAMOS COAS OUTRAS ESCOLAS DO CRA, FACÍAMOS XOGOS EN CONXUNTO, CONVERTÍAMOS EN ESPECTADORES DUNHA OBRA TERRORÍFICA FEITA POLOS PROFES.... PERO PARA O ANO VOLTAREMOS!!

ESTE ANO TIVEMOS UNHA SORPRESA MOI GRANDE! XA QUE RABUÑOSO TÍÑANOS PREPARADO UNHA GRAN SORPRESA. ESTA SORPRESA, CONSISTIU NUN VÍDEO ONDE RABUÑOSO FOI PASANDO POLAS DIFERENTES AULAS DO CRA, E ÍA NUN SUPER PATINETE COMO O QUE TEMOS EN SAN LOOURENZO!!!!!!

RABUÑOSO TIÑA UN GRAN DILEMA, XA QUE NON SABÍA DE ONDE SAÍA ESE LUME QUE ATOPOU NAS ESCOLAS. ADEMAIS, NAS DIFERENTES ESCOLAS FOISE ATOPANDO COA AXUDA DOS DIFERENTES PERSONAXES DE CONTOS TERRORÍFICOS COMA A BRUXA REGAÑADENTES, O PAPÓN, PELOSTORTOS, FIZ, MONSTRUO VERMELLO.....

FINALMENTE, TIVEMOS QUE ATOPAR UNHA SERIE DE PISTAS ESCONDIDAS EN CADA ESCOLA E DESCUBRIMOS QUE A CULPABLE DESTA LUME ERA MÁXICA QUE ESTABA A PREPARAR AS CASTAÑAS DO MAGOSTO!!!! E QUE RICAS ESTABAN!!

AH!!! PARA OS QUE NON O SAIBAN MÁXICA É UNHA GATIÑA, COMPAÑEIRA DA NOSA MASCOTA RABUÑOSO. ESTA GATIÑA É BOTÁNICA, CIENTÍFICA E AVENTUREIRA ONDE AS HAXA.

OUTRA GRAN SORPRESA COA QUE CONTAMOS NESTE DÍA FOI A APARACIÓN DA NOSA CASIÑA PARA O PATIO, COMO A DISFRUTAMOS!!! MOITAS GRAZAS!!



NORMALMENTE, CONTAMOS COA COA COLABORACIÓN DAS FAMILIAS PARA FACER O NOSO TALLER DE CABAZAS, PERO ESTE ANO AS DECORAMOS NA AULA E ASÍ DE FERMOAS QUEDÁRONNOS.

TAMÉN VACIAMOS UNHA CABAZA PARA APROVEITALA PARA FACER UN TALLER RELACIONADO CO MEDO O DESCOÑECIDO, XA QUE POR MEDIO DAS SENSACIÓNS TACTÍS DESCUBRIMOS DIFERENTES ELEMENTOS QUE SE ATOPABAN DENTRO: ARAÑAS, GUSANOS, CABAZAS....



PARA AMBIENTAR A AULA, NAS PROPOSTAS DE PRIMEIRA HORA CONTAMOS PROPOSTAS RELACIONADAS CO SAMAÍN.

CON ESTAS PROPOSTAS TRABALLAMOS ASPECTOS LÓXICO MATEMÁTICOS COMO POÑER TANTOS OLLOS NO MONSTRUO COMO NOS DÍ O DADO, FACER O NOSO MONSTRUO CUN NÚMERO DETERMINADO DE OLLOS, DENTES, MANCHAS...CUANTIFICANDO ÓSOS E FACER A CORRESPONDENCIA COA SÚA GRAFÍA, REALIZAMOS SUDOKUS




ACERCÁMONOS POUCO A POUCO A **LECTOESCRITURA**, ESCRIBINDO OS ELEMENTOS QUE NOS FUMOS ATOPANDO NA MESA DE TRASVASES, FACENDO DIFERENTES GRAFÍAS CO USO DE ARAÑAS SEGUINDO UN MODELO,

OUTROS ASPECTOS QUE TRABALLAMOS MOI IMPORTANTES NESTE INICIO DA LECTOESCRITURA, É A **DIRECCIONALIDADE**, A **MOTRICIDADE**, SEGUINDO UNHA SERIE DE ORDES, COSENDO DIFERENTES ELEMENTOS DO SAMAÍN COMO ESQUELETOS, TEAS DE ARAÑA, CABAZAS...CUANTIFICACIÓN DE SÍLABAS DEPENDENDO DO ELEMENTO DO SAMAÍN

OUTRAS ACTIVIDADES QUE REALIZAMOS FORON: IDENTIFICACIÓN DUN ELEMENTO COA SÚA SOMBRA, TRABALLAMOS AS AGRUPACIÓNS, DECORAMOS CABAZAS CON DIFERENTES COMPLEMENTOS...E FINALMENTE, FIXEMOS UN TALLER DE ARTE ONDE DECORAMOS UNHA TEA DE ARAÑA DE MILES DE CORES

PARA A DEGUSTACIÓN DAS CASTAÑAS ASADAS PREPARADAS POR MÁXICA E POLO PROFE ANTONIO, PREVIAMENTE FIXEMOS UN PEQUENO TALLER DAS CESTAS DO MAGOSTO, PARA ISO, RECICLAMOS DIFERENTES XORNAIS ONDE TRABALLAMOS ASPECTOS COMA A **COORDINACIÓN ÓCULO MANUAL**, A **MOTRICIDADE FINA** CO CORTADO E RASGADO DOS PAPEIS, BOTÁNDOLLE COLA E PEGANDO



OS DÍAS ESPECIAIS

AO LONGO DESTES TRIMESTRE, TIVEMOS A OPORTUNIDADE DE LEVAR A CABO UNS DÍAS DIFERENTES NA ESCOLA EMPAPÁNDONOS DUNHA AMPLA GAMA DE APRENDIZAXES, DADO QUE ESTAMOS RODEADOS DE PURA NATUREZA APROVEITAMOS ESTE PRIVILEXIO PARA FACER SAÍDAS.

UNHA DELAS ESTIVO DESTINADA A COÑECER OS CABALOS QUE ESTÁN PRÓXIMOS A NOSA ESCOLA, TAMÉN DESCUBRIMOS AS DIFERENTES **ÁRBORES** QUE NOS RODEAN, OBSERVÁNDOOS, FOTOGRAFIANDO, ACUDIMOS O REGATO PRÓXIMO A NOSA ESCOLA, ONDE OBSERVAMOS O ESTADO DO RÍO, OBSERVAMOS OS DIFERENTES ANIMAIS, O ESTADO DA CONTORNA, PLANTAS...

OUTRO DÍA DECIDIMOS FACER UNHA RECOLECTA DE FROITOS E ELEMENTOS DO OUTONO, E QUE MELLOR FORMA DE OBTELOS QUE ACUDIR NÓS MESMOS O BOSQUE CERCANO A RECOLLELOS.

ENCÁNTONOS SAÍR O EXTERIOR E DESCUBRIR O NOSO CONTORNO MÁIS PROXIMO POR MEDIO DA EXPERIMENTACIÓN, A OBSERVACIÓN....DESTA MANEIRA INICIAMOS AOS NENOS/AS NA **IMPORTANCIA E A SENSIBILIZACIÓN** CARA O MEDIO AMBIENTE.



SÉGUINDO CO TEMA DA IMPORTANCIA DE ESTAR EN CONTACTO CONTINUO CO MEDIO, NON NOS PODEMOS ESQUECER DA **HORTA DA ESCOLA**. A PRINCIPIOS DE CURSO PLANTAMOS AROMÁTICAS E ESTE ANO APROVEITAMOS UN PEQUENO RECUNCHIÑO DO PATIO PARA PLANTAR BRÓCOLI E ALLOS.

E O MÁIS IMPORTANTE, COIDÁMOLA. DESTE XEITO FAMILIARIZAMOS AOS NENOS/AS COA IMPORTANCIA DO COIDADO DO MEDIO UNHA VEZ MÁIS, ASÍ COMO TAMÉN SE INICIAN NOS HÁBITOS SAUDABLES PARA UNHA BOA SAÚDE.



NON NOS PODEMOS ESQUECER DAS VISITAS QUE TIVEMOS DURANTE ESTE TRIMESTRE. CONTAMOS CUN OBRADOIRO OFERTADO POLO CONCELLO PARA TRABALLAR A **IGUALDADE** E A **EDUCACIÓN EMOCIONAL**, NO CAL TRABALLAMOS E REFLEXIONAMOS SOBRE QUE TODOS SOMOS IGUAIS E TODOS TEMOS A OPORTUNIDADE DE XOGAR AO QUE QUEIRAMOS.

OUTRO DÍA ESPECIAL FOI A VISITA DA **CONTACONTOS "SOLEDAD FELLOZA"**. TIVEMOS A OPORTUNIDADE DE ESCOITAR A ESTA GRAN ARTISTA NA ESCOLA, CONTÁNDONOS DIFERENTES CONTOS COMO POR EXEMPLO "ESQUELETOS DIVERTIDOS", "IYOKÉ ES MUY PEQUEÑO", "LOS COLORES HABLAN", GOZAMOS DUN MOMENTO MOI AGRADABLE. SUMERXÍNDONOS EN DIFERENTES HISTORIAS, DEIXAMOS VOAR A NOSA IMAXINACIÓN E "SOLE" FOI A ENCARGADA DE FACER MAXIA. RECALCAMOS ASÍ A IMPORTANCIA DE QUE OS NENOS/AS ESTÉN EN CONTACTO CONTINUO COS CONTOS, ADQUIRINDO NOVO VOCABULARIO, ESTIMULANDO A LINGUAXE, ENTRE OUTRAS COUSAS.



TEMPO DE NADAL

CHEGOU O DÍA MÁIS ESPERADO POR TODOS OS NENOS E NENAS, CHEGOU O **TEMPO DE MAXIA**. DÉMOSLLE A BENVIDA O NADAL, CO NOSO CALENDARIO DE ADVENTO E CUNHA **INSTALACIÓN** DEIXANDO A EXPLORACIÓN LIBRE E DESPERTANDO NOS NENOS DIFERENTES EMOCIÓNS E SENSACIÓNS.

AS PROPOSTAS DE TRABALLO DESTE MES ESTIVERON DESTINADAS Á TEMÁTICA DO NADAL, ACTIVIDADES MANIPULATIVAS CARGADAS DE EMOCIÓN E IMAXINACIÓN, A TRAVÉS DAS CALES APRENDEMOS DIFERENTES ASPECTOS RELACIONADOS COS DIFERENTES ÁMBITOS DA EDUCACIÓN INFANTIL.

MOTRICIDADE FINA



CONCIENCIA FONOLÓGICA



CONTEO E EXPERIMENTACIÓN



ARTE



TAMÉN DECORAMOS A AULA CUNHA ÁRBORE DE NADAL, FIXEMOS DIFERENTES TALLERES COMO O DE NEVE ARTIFICIAL (ESTE ANO EMPREGAMOS PAÑAIS E AUGA, XA QUE O ANO PASADO EMPREGAMOS ESPUMA DE AFEITAR E MAICENA), DE ATENCIÓN DECORANDO OS AGASALLOS ATENDENDO AS ORDES QUE NOS DABA A PROFE, FIXEMOS ADORNOS NAVIDEÑOS, A POSTAL DE NADAL PARA MANDAR ÁS FAMILIAS....

ADEMAIS, ESTE MES CONTAMOS CUNHA AXUDA EXTRA, A PROFE ALBA, XA QUE ESTÁ ESTUDIANDO PARA SER PROFE E ESTAMOS ENCANTADOS CON ELA.



INSTALACIONES

UNHA INSTALACIÓN É TRANSFORMAR O ESPAZO PARA PROVOCAR NO NENO/A UNHA EMOCIÓN, UN PRACER, UNHA APRENDIZAXE CUNHA ACTIVIDADE LÚDICA. DENDE UNHA PROPOSTA ESTÉTICA CONCRETA CREAMOS UN VERDADEIRO ECOSISTEMA LÚDICO, PARA PROVOCAR A SÚA DESCONSTRUCCIÓN, TRANSFORMACIÓN E NOVA CONSTRUCCIÓN.

JAVIER ABAD AS DEFINE COMO "ESPAZOS CONCEBIDOS DO ENCONTRO ENTRE UNHA ESTÉTICA DE ARTE CONTEMPORÁNEO E UNHA FUNDAMENTACIÓN PEDAGÓXICA INSPIRADA NA PRÁCTICA PSICOMOTRIZ.

ESTE "DIÁLOGO" POSIBILITA E FAVORECE O XOGO PRESIMBÓLICO E SIMBÓLICO NUN CONTEXTO RELACIONAL.

ASÍ, O LONGO DESTE TRIMESTRE REALIZAMOS 3 TIPOS DE INSTALACIONES.

PARA RECIBIR O **SAMAÍN**, DESFRUTAMOS CUNHA INSTALACIÓN DE XOGO TERRORÍFICA. ESTA INSTALACIÓN ESTABA CREADA CON ELEMENTOS TÍPICOS DESTA ÉPOCA, ONDE GRAZAS A ELES OS NENOS/AS DEIXARON VOAR A SÚA IMAXINACIÓN.

FINALMENTE, REMATAMOS ESTA ACTIVIDADE FACENDO UNHA REPRESENTACIÓN EN PAPEL



NO MES DE NOVEMBRO, TIVEMOS UNHA GRAN SORPRESA COA INSTALACIÓN DE CAIXAS DE CARTÓN.

HABÍA CAIXAS GRANDES, PEQUENAS, MEDIANAS, ABERTAS, PECHADAS, XORNAIS...AS CALES CONVERTÍRONSE EN CASIÑAS DE CANS, CAMAS, AGASALLOS, CASA DE KING KONG, METEORITOS, AVIÓNS...

PREVIAMENTE, A INSTALACIÓN LIMOS O CONTO "ISTO NON É UNHA CAIXA" E CONCLUIMOS ESTA EXPERIENCIA CUNHA REPRESENTACIÓN USANDO PLASTILINA E PALLIÑAS.





PARA COMEZAR DECEMBRO, NON PODÍA FALTAR A NOSA **INSTALACIÓN NAVIDEÑA**, CHEA DE LUCES, ADORNOS, COMPLEMENTOS, CESTAS, ESPUMILLÓNS...

ESTA INSTALACIÓN SEMPRE É MÁXICA PARA AOS CATIVOS DEBIDO O MOMENTO DE ILUSIÓN DESTA ÉPOCA.

SEN DECIRLLES NADA COMEZARON A COLOCAR OS ADORNOS, DESCOLGAR OS ESPUMILLÓNS E POÑELOS A MODO DE BUFANDA, CANTAR PANXOLIÑAS, AGRUPAR E CLASIFICAR BOLAS, ADORNOS, FACER DE RENOS...

CONCLUIMOS ESTA ACTIVIDADE, CUNHA REPRESENTACIÓN DO VIVIDO EMPREGANDO LÁ E PLASTILINA (ONDE SAIRON PAPÁ NOEL, AGASALLOS, BOLAS E A REPRESENTACIÓN DA INSTALACIÓN EN SÍ)



OS ESPAZOS DE APRENDIZAXE

A AULA É UN ELEMENTO MÁIS DA ACTIVIDADE DOCENTE A CAL DEBE SER REPENSADA E REESTRUCTURADA E ORGANIZADA ADECUADAMENTE PARA ADAPTARNOS AS NECESIDADES DOS CATIVOS DA NOSA AULA.

A AULA ATÓPASE DIVIDA EN ZONAS NAS QUE INVESTIGAR, CREAR, INTERACTUAR, DESENVOLVERSE, DESCANSAR, XOGAR... TODOS ESTES ESPAZOS ESTÁN INTERCOMUNICADOS POLO QUE CADA NENO OU NENA PODE PASAR DUN LUGAR A OUTRO SEGUNDO AS SÚAS NECESIDADES E INTERESES.

OS ESPAZOS ESTÁN PREPARADOS POLA MESTRA CADA DÍA CON DIFERENTE PROPOSTAS, BEN SEXA PRESENTADOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS COMO PROVOCACIÓNS DIARIAS PARA TRABALLAR UN CONTIDO ESPECÍFICO. O ALUMNANDO ESPÁLLASE POLOS DIFERENTES ESPAZOS DE XEITO INDIVIDUAL.

O NOSO PAPEL COMO MESTRAS É PREPARAR ESAS PROPOSTAS, DARLLE SIGNIFICADO AO QUE O NENO/A ESTÁ FACENDO, ORIENTAR O XOGO, MARCAR LÍMITES E INTRODUCIR NOVOS ELEMENTOS... EN DEFINITIVA FACER UNHA APRENDIZAXE AUTÓNOMA, INDIVIDUALIZADA, NA QUE O ALUMNADO É O PROTAGONISTA ACTIVO.

ASÍ NA AULA CONTAMOS COS DIFERENTES ESPAZOS COMO SON: VIDA PRÁCTICA, DE LÓXICA MATEMÁTICA, DE LINGUAXE VERBAL, ARTES, CONSTRUCIÓNS, MINIMUNDOS E DO XOGO SIMBÓLICO. SEN ESQUECER A IMPORTANCIA DO ESPAZO EXTERIOR.



ESPAZO DE VIDA PRÁCTICA

AS CRIANZAS NECESITAN EXERCITAR E TRABALLAR COAS SÚAS MANS, PARA TER MELLORES HABILIDADES MOTRICES DE CARA O FUTURO. NESTE ESPAZO PREPÁRANSE PEQUENAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA VIDA COTIÁ, DÁNDOLES A POSIBILIDADE PARA MANIPULAR, EXPERIMENTAR, EQUIVOCARSE E VOLVER A COMEZAR SEN PRESIÓN. CON ESTE TIPO DE PROPOSTAS O ALUMNADO APRENDE A SER INDEPENDIENTE, AUTÓNOMO, A CONCENTRARSE E A CONTROLAR OS MÚSCULOS.



ESPAZO DA LINGUAXE

AO INTERACTUAR COA LINGUAXE EN DIFERENTES FORMATOS PERMITIRALLE ENRIQUECER O SEU VOCABULARIO E A SÚA CAPACIDADE DE LINGUAXE.

NESTE ESPAZO ATOPAMOS; LETRAS MÓBILES, SELLOS DE LETRAS (PARA COMPOÑER E DESCOMPOÑER PALABRAS), XOGOS DE SONS,CONTOS...PERMITINDO UNHA ESCRITURA LIBRE E CREATIVA, OU A REALIZACIÓN DE TRAZOS LIBRES,

O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE ESCRITA FAISE DUN XEITO CONSTRUCTIVISTA RESPETANDO O RITMO DE CADA NENO/A SEN FORZAR OS TEMPOS DE APRENDIZAXE,



ESPAZO DE CREATIVIDADE ARTÍSTICA

AQUÍ, PERMÍTESE A EXPRESIÓN LIBRE MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE DIFERENTES MATERIAIS, O NOSO ROL É GUIALOS NA FORMA DE UTILIZAR OS MATERIAIS, DÁNDOLES A CONFIANZA PARA QUE SE EXPRESEN LIBREMENTE, SEN NINGÚN TIPO DE XUÍZO QUE FREE A SÚA CREATIVIDADE. ASÍ, DESENVOLVEREMOS HABILIDADES COMO RECORTAR, PEGAR, PINTAR, MODELAR...



ESPAZO DE LÓXICA MATEMÁTICA

NESTE LUGAR OFRÉCENSE PROPOSTAS QUE PERMITEN FACER TRAVASES, CONTEO, CLASIFICACIÓN, AGRUPAMENTOS DE XEITO MÁIS LIBRE OU CON MATERIAL MÁIS ESTRUCTURADO, AS REGLETAS COUSSINER, OS BLOQUES LÓXICOS DE DIENES, POLICUBOS, XEOPLANOS, ARCO DA VELLA, TORRE ROSA, NÚMEROS, XOGOS LÓXICOS...



ESPAZO DE CONSTRUCCIÓN E MINIMUNDOS

OS PEQUENOS PRECISAN **CONSTRUÍR E DESTRUÍR MOITAS VECES**. XERALMENTE A TOPÁMOLOS CONCENTRADOS MONTANDO UNHA GRAN MURALLA, QUE O POUCO XA ESTÁ DESFEITA PROVOCANDO UNHA GRAN ALGARABÍA NA AULA (EMPREGANDO AS PEZAS DE KAPLA). OS MAIORES CONSTRÚEN DÁNDOLLES UN SIGNIFICADO; UNHA CASA, UNHA CORTE, UN GARAXE E INTRODUCEN ELEMENTOS ÁS SÚAS CONSTRUCCIÓN. A TRAVÉS DESTE ESPAZO TRABÁLLANSE CONTIDOS MATEMÁTICOS DE XEITO GLOBALIZADO: GRANDE/PEQUENO, ALTO/BAIXO.



ESPAZO DE XOGO SIMBÓLICO

MEDIANTE O XOGO SIMBÓLICO OS CATIVOS CONSTRÚEN A SÚA PROPIA IMAXE DO MUNDO, SMBOLIZAN TODO AQUILO QUE LLES CUSTA ENTENDER EMPREGANDO A SÚA IMAXINACIÓN. A TRAVÉS DO XOGO LIBRE RECONSTRÚEN SITUACIÓNS DA VIDA REAL XOGANDO ÁS **CASIÑAS**, ÁS **TENDAS**, ÓS **MÉDICOS**



ESPAZO DE EXPERIMENTACIÓN

É ESENCIAL PARA OS NENOS E NENAS DESTAS IDADES EXPERIMENTAR, MANIPULAR, TOCAR, SENTIR...POR ISO LLE OFRECEMOS NESTE ESPAZO A POSIBILIDADE DE XOGAR COA MESA DE LUZ E COA MESA DE EXPERIMENTACIÓN.

NA MESA DE LUZ FANSE PROPOSTAS DE MANIPULACIÓN LIBRE DE MATERIAIS, PERO ADEMAIS FANSE PROPOSTAS GLOBALIZADAS.

NA MESA DE EXPERIMENTACIÓN O QUE SE PRETENDE É QUE OS NENOS E NENAS MANIPULEN, EXPERIMENTEN CON DISTINTAS TEXTURAS.





NESTE NADAL TAN ATÍPICO, PODEMOS APROVEITAR PARA PASAR O MAIOR TEMPO POSIBLES COS NOSOS PEQUENOS. ALGUNHAS PROPOSTAS PARA ESTES DÍAS, PODEN SER:

- LER CONTOS NAVIDEÑOS (LA PEQUEÑA ORUGA GLOTONA EN NAVIDAD, LA NAVIDAD DE NONO, CANDO MARTIÑO TIVO GANAS DE MEXAR NA NOITE DE REIS, SUEÑOS DE NIEVE, EL RENO DE NAVIDAD...
- CANTAR PANXOLIÑAS
- DISFRAZARSE CON ELEMENTOS NAVIDEÑOS
- FACER UNHA VIDEOCHAMADA CON PAPÁ NOEL OU OS REIS MAGOS
- XOGAR A XOGOS DE MESA EN FAMILIA
- FACER ADORNOS CASEIROS
- VER PELIS NAVIDEÑAS (EL GRINCH, KLAUS, NAVIDAD XTRATERRESTRE, POLAR EXPRESS, LABELLA Y LA BESTIA:UNA NAVIDAD ENCANTADA)

BO NADAL E FELICES FESTAS FAMILIAS!!!!